



Vicerreitoría de Estudantes, Participación
e Extensión Universitaria

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

11ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ESTUDANTES GAÑADORES DE OLIMPIADAS CIENTÍFICAS

CURSO ACADÉMICO 2017/2018

A Universidade da Coruña, co fin de fomentar as actividades de extensión universitaria como medios de promoción do coñecemento e co fin de incentivar a calidade na formación do estudantado que acceda por primeira vez a estudos universitarios, fai pública a 11ª convocatoria de axudas para as persoas clasificadas en primeiro, segundo ou terceiro posto das Olimpíadas de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía e Xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional.

1.- OBXECTO DAS AXUDAS.

O obxecto desta convocatoria consiste en recoñecer a labor realizada polo estudantado nas diversas fases das Olimpíadas Científicas das áreas de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía e Xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional, premiando os resultados dos primeiros, segundos e terceiros clasificados.

2.- REQUISITOS.

Poderán solicitar a axuda da Universidade da Coruña aqueles estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Terse matriculado por primeira vez no presente curso académico 2017/2018 en calquera das titulacións oficiais impartidas na Universidade da Coruña.
- b) Ter finalizado os estudos de bacharelato no curso 2016/2017.
- c) Ter participado e terse clasificado no 1º, 2º ou 3º posto de calquera das fases local, autonómica ou nacional dalgunha das Olimpíadas Científicas (Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía e Xeoloxía) celebradas ao longo do curso 2016/2017.

3.- FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O estudante deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude na que consten os datos persoais do interesado, segundo o modelo que se xunta.
- b) Fotocopia do D.N.I.
- c) Certificado acreditativo da condición de gañador, 2º ou 3º clasificado da fase local, autonómica ou nacional dalgunha das Olimpíadas Científicas (Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía e Xeoloxía).

O prazo de presentación de solicitudes será **a partir da publicación desta convocatoria até ás 14:00 horas do 16 de outubro de 2017**. As solicitudes entregaranse no **Rexistro Xeral da Universidade da Coruña** (Rúa Maestranza, 15001 A Coruña), **Rexistro do campus da Zapateira** (Facultade de Ciencias -A Coruña), ou no **Rexistro do campus de Ferrol** (Edificio de Apoio ao Estudo- andar baixo- Campus de Esteiro- Ferrol).

4.- PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS.

O estudo das solicitudes presentadas e a selección dos adxudicatarios será efectuada pola Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno, ligazón http://www.udc.es/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_estables.html
Unha vez comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos establecidos no apartado 2 da convocatoria, procederase á selección, utilizándose como criterio único de selección o terse clasificado no posto 1º, 2º ou 3º dalgunha das olimpíadas, variando a contía da bolsa en función do posto acadado.

5.- NÚMERO DE BOLSAS, DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO.

Concederanse un máximo de 18 axudas, repartidas do seguinte xeito:

- 6 axudas, por un importe de 715 euros, para cada un dos gañadores dalgunha das fases das olimpíadas científicas referidas nesta convocatoria.
- 6 axudas, por un importe de 450 euros, para cada un dos 2º clasificados.
- 6 axudas, por un importe de 370 euros, para cada un dos 3º clasificados.

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0300030006.422D.480.03 "Axudas Olimpíadas Científicas- VEPEU".

Ao importe bruto da bolsa seralle de aplicación o previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Efectuarase nun único pagamento.

6.- ÓRGANOS COMPETENTES.

A selección será realizada pola Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno:

http://www.udc.es/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_estables.html

7.- NATUREZA DA RELACIÓN COA PERSOA SELECCIONADA.

As persoas seleccionadas non adquiren ningunha relación laboral nin administrativa coa Universidade da Coruña, nin implica compromiso en canto á posterior incorporación da persoa interesada ao seu cadro de persoal.

8.- INCOMPATIBILIDADES.

Estas axudas serán incompatibles cos Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato.

9.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Estas axudas serán resoltas no prazo dun mes, a contar dende a finalización do prazo para a presentación de solicitudes, concederanse mediante resolución administrativa da presidenta da Comisión, a vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria. A dita resolución farase pública no taboleiro electrónico da UDC. Esta publicación cumprirá cos efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e contra esta resolución poderá interpoñerse consonte os artigos 121 e 122 da mesma lei citada, recurso de alzada perante o reitor da Universidade da Coruña.

A Coruña, 28 de setembro de 2017

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria



Vicerreitoría de Estudantes, Participación

e Extensión Universitaria

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

11ª CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ESTUDANTES GAÑADORES DAS OLIMPIADAS CIENTÍFICAS

CURSO ACADÉMICO 2017/2018

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS: _____

ENDEREZO DURANTE O CURSO: _____

POBOACIÓN: _____ **CÓDIGO POSTAL:** _____

D.N.I.: _____ **TELÉFONO:** _____

CENTRO ONDE ESTÁ MATRICULADO: _____

TITULACIÓN: _____

OLIMPIADA CIENTÍFICA A QUE CONCURRIU: _____

FASE A QUE CONCURRIU: _____

CLASIFICACIÓN OU POSTO ACADADO NA OLIMPIADA : _____

A CORUÑA/FERROL, _____ DE _____ DE 2017

ASDO.: _____

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE A SOLICITUDE

- Fotocopia D.N.I.
- Certificado acreditativo posto acadado nas Olimpíadas

**SRA. VICERREITORA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA**